

07 SETEMBRO DO 2006 - NÚMERO 634

rdl

**REVISTA
DAS
LETRAS**



Germán Sierra

+ '<,.-^*"'>_oi_a!||.



Como cada ano, Germán Sierra (Compostela, 1960) regresa este verán a Revista das Letras para deixarnos un dos seus escasos e prezados relatos en galego, lingua na que el constrúe unha prosa infrecuente. Autor de "culto" da Literatura española, á que lle entregou algúns dos títulos máis celebrados e ousados dos últimos anos, como 'La felicidad no da el dinero' ou a colección de relatos

Voltaje', Germán Sierra é un poucos escritores contemporáneos que funde o nihilismo posmoderno cunha contundente visión da realidade. Fiel a este espírito, o relato que hoxe reproducimos é unha irónica mirada sobre o xeito contemporáneo de viaxar e a galería de vivencias que outorga un dos máis definitivos signos da era actual: os aeroportos.

AEROPORTO

4 | **r d l**
Galicia Hoxe 07/09/06

Os viaxeiros, detidos pola súa abundancia, déixanse servir cafés e bocadillos. Acampan ao amparo da cúpula de aceiro e vidro laminado rodeando as mesas coas súas equipaxes de cabina –sempre maiores do que permite o regulamento– e as súas compras de última hora,



todo iso amoreado ao azar nas cestas dos carriños: o cartón de tabaco, as botellas de licores autóctonos, o xoguete recentemente chegado aos escaparates, o agasallo nimio de marca prestixiosa para a esposa ou o marido. Cada cal parece convencido da inminente revogación da súa condena á inmovilidade e, mentres tanto, todos eles aparentan concentración; traballos

importantes que levan consigo a todas partes. Son varridos, arrastrados a un disco, polas cámaras de seguridade.

Nun recuncho, un tipo con chaqueta, garavata e ordenador portátil informa á moza que lle pediu permiso para acomodarse na cadeira contigua de que o sesenta por cento dos voos teñen un atraso de máis de catro horas; faise o interesante, como se lle

estivese revelando unha información reservada a certos pasaxeiros. Como se a familiaridade cos atrasos das compañías aéreas constituíse un signo de distinción; unha vantaxe de explorador curtido e impasible ante os contratempos que toma o seu té tranquilamente baixo o toldo da tenda de campaña mentres o monzón mantén impracticables os

camiños e o tigre roxe entre o mato de bambú. Reflexo atávico dun tempo no que as incomodidades de voar eran un luxo e se comentaban como feridas de guerra nos mornos salóns de primeira clase, aínda serve como escusa para iniciar unha conversación.

O tipo, escrutándoa por enriba do monitor, renega dos controladores, dos

visitantes a causa do inicio das vacacións; esbardalla contra o goberno anterior e o proxecto, nunca terminado, de ampliación do aeroporto, hoxe convertido nun labirinto inapreixable de corredores, teleféricos, cafeterías, tendas, hoteis de día, salas recreativas, ximnasia, saunas, dermatólogos de urxencia e túneles de aceiro deseñados por arquitectos de renome cunhas paredes de inmensas pantallas de plasma que vomitan multimediosidades, novas deportivas – ¿seica hai outras?– e infomerciais.

Moitos policías uniformados, para seguridade dos nosos visitantes, deambulan en parellas ao longo das terminais, ignorándose os uns aos outros como vellos matrimonios de aldea que criaron tantos rancores como perdas de memoria. Centos de inmigrantes con documentación irregular, pendentes de deportación ou, no mellor dos casos, á espera de novos datos sobre a súa situación legal, acúgúlanse nun soto de seguridade, xunto á sala de corentena construída para previr a libre circulación de novas enfermidades infecciosas producidas por microorganismos resistentes aos antibióticos.

Hai quen fala de bordeis secretos organizados por

prostitutas estranxeiras fuxidas do confinamento preventivo que vagan polos corredores da zona internacional con maletas baleiras e os teléfonos móbiles conectados aos servizos de información do aeroporto para estar ao tanto, en todo momento, dos voos cuxa saída atrasada as prevé de posibles clientes.

Escóitase murmurar de cuartos, aínda en obras, e quizais para sempre, onde se organizan timbas entre os



empregados das compañías aéreas e algúns viaxeiros, seleccionados polo seu vicio e a súa discreción, que xogan as tarxetas de embarque e de crédito para comprar de todo nas tendas do propio aeroporto; apostan desde alixos de cocaína chegados en valixa diplomática até novos afrodisíacos biotecnolóxicos aínda non aprobados polas axencias gobernamentais

poden comprar por internet e son trasladadas a todo o mundo por compañías de transporte internacionais. Os seus encargados son dos primeiros en acudir aos corredores baleiros, poentos, con fráxiles estalactitas de Pladur, que quedaron esquecidas nas derradeiras obras, os traballadores trasladados sen previo aviso ao outro extremo, quilómetros máis aló, onde a urxencia obriga a rematar os últimos detalles da terminal



especial para as olimpíadas, e alí apostan a mercadoría non autorizada que, logo de perda no xogo, declararán lles foi confiscada polos servizos aduaneiros.

Nas obras abandonadas, din, quedan a durmir de cando en vez algúns desventurados vendedores de aeroporto, como ela, a loura rota por unha dor absurda que lle puxo diante dos narices, coa maior desgana, aqueles papeis

impresos con letra moi pequena como esperando que a despedise cun xesto, sen dignarse sequer a levantar a mirada cara a ela, pois, á fin e ao cabo, aproximárase a el por inercia, porque o seu camiño discorría ao borde da cafetería entre as macetas de plantas exóticas que delimitan a área de servizo, a interromper o traballo no que parecía enfrascado, mentres que moita outra xente ao seu redor e ao seu

alcance parecía non estar facendo nada en absoluto, concentrados no baleiro da espera. “¿Coñece vostede...?” e continuou explicándolle as vantaxes dunha popular tarxeta de crédito. “Pero este é un produto novo, que lle permite...”

Non poder fumar é un problema, por iso, tras unha breve conversación, el atreveuse a seguila até un lugar recóndito,

unha porta que parece pechada pero basta con empuxala e leva entón a un deses corredores en obras onde non funcionan as cámaras de seguridade nin os detectores antifume: alí sentan nun andamio abandonado e fuman xuntos, en silencio. ¿Por que o invitou? Probablemente a cambio da súa amabilidade, por escoitar até o final non só a oferta do produto que

se ve obrigada a vender para gañarse a vida, senón permitir que a conversación se deslice cara ao persoal, cara ás confesións de estraño a estraño que propicia o anonimato, serán tres ou catro horas de espera como máximo: el partirá cara ao seu solitario destino e ela desaparecerá para sempre da súa vida; pero aínda así, non está afeita a que lle presten tanta atención, a que escoiten o relato das súas desgrazas e, sobre todo, a que fagan comentarios intelixentes capaces de animala de verdade a saír do estado depresivo no que se atopa dende hai meses e que se agravou nas últimas semanas ata impedirle volver a casa porque se sente máis cómoda durmindo nun deses halls en obras sobre un dos sillóns de deseño aínda sen estrear, duchándose no hotel de día grazas á amabilidade dunha das empregadas, comendo nas cafeterías, comprando algunha roupa nas franquías máis económicas, lavando a roupa usada na lavandería exprés. ¿Por que a seguiu? Non a encontra atractiva, nin se trata exclusivamente de compaixón polo delicado da súa circunstancia, senón máis ben de aburrimiento, crendo as súas propias palabras acerca do atraso e véndose, polo tanto,

obrigado a reencher varias horas que de súpeto apareceron como unha nada imprevista no camiño, que podería pasarse aparentando traballar ou lendo o libro que leva na carteira porque aínda lle quedan centos de páxinas para acabalo e, no peor dos casos, pode comprarse outro —quizais unha novela policíaca— en calquera dos quioscos abertos as 24 horas. Ou quizais porque sente que a presenza, a imaxe, é unha



mercancía como calquera outra; alí fóra as cámaras de seguridade róubanolle unhas horas inmóbiles que prefire regalar ó seu antollo, e ademais, a única forma de seguir circulando, mentres non poida, por fin, deixar o aeroporto, é impedir que o vexan.





Xavier Queipo



Xavier Queipo

Fragments do diário chinês

Xavier Queipo (Compostela 1957) desembarcou na literatura galega pola porta grande con 'Ártico', unha obra que en 1990 lle valeu o premio da crítica e que hoxe, traducida xa a varios idiomas, segue sendo o buque insignia dunha narrativa marcada polas viaxes e as sensacións. Biólogo de formación e escritor de vocación, Queipo opera desde Bruxelas coa alma intimamente ligada ao seu país de orixe, onde logrou converterse nunha respectada voz de opinión sobre cuestións como a actualidade política ou a ecoloxía. Na súa obra, sucada polas latitudes narrativas e as poéticas, figuran títulos como 'O ladrón de esperma', 'Papaventos', 'Malaria sentimental' ou 'Ringside', nunha das traxectorias máis prolíficas e arriscadas da Literatura galega recente. Revista das Letras, suplemento no que Queipo publica os seus traballos desde hai anos, presenta unha parte do seu 'Diário chinês', memoria do percorrido que o escritor realizou por oriente a finais dos anos oitenta. Ademais do material escrito, o monográfico inclúe as fotografías realizadas por Lorenzo Suárez. Eles dous aparecen na instantánea desta páxina. De Suárez é tamén a portada do suplemento, captada na ex colonia portuguesa de Macau.

26 DE XULLO. SESTA. HOTEL CANTÃO. MACAU

Chegáramos ás sete da mañá, no catamarán en que embarcamos no porto chinés de Guanzhou. A noite resultara realmente dura, condenados como estabamos a un camarote minúsculo e sen xantar nada, con temporal pechado e o mal durmir invadido de soños e cansazo.

Atracamos ao ancoradouro catorce, fronte ao casino flutuante de Macau. O casino onde xogan os pobres. O casino dos que non poden entrar no Hotel Lisboa, onde só admiten ricos: os de nacionalidade macaense e os chegados da metrópole, os de Hong Kong, que cada fin de semana afogan a cidade de dólares e ostentación de mulleres, e os de Taiwán, curiosos de todo o que sexa aproximarse do continente do que un día fuxiran (ou foran expulsos, ninguén sabe de certo estas intimidades da historia) cando a guerra que gañara Mao e perdera o Kuomintang.

Esfregando os ollos aínda observamos a baía de Macau, no estuário do Río das Pérolas. Chove con violencia de trópico. Compulsivamente. Ás arrañapedras. Sen sosego posíbel. Na marxe oposta esténdense tenebrosas as montañas do sur da China, florestas abríndose no calcário. Néboa omnipresente, erguendo da terra requecida e húmida. Ollando para a brétema que todo lambe e desfía invadiúnos a sensación de chegar a unha cidade abandonada á súa propia decadencia, perdida para sempre na confusión das cabanas amoreadas unhas por riba das outras, na humidade omnipresente, na preguiza e na decadencia do império colonial portugués, mirrado e triste.

Cargados de mochilas e de sacos, armados de soños e dispostos a encontrar un hotel canto antes. Movémonos coa dificultade de caracol occidental, de casa ás costas e abafados nun clima descoñecido. Dividimos o grupo, en tres e dous.

A procura resultou máis complexa pola nosa falta de previsión. Non reparamos en tres detalles importantes: a) era fin de semana, sexta-feira para ser máis preciso, o que aproveitaban os cidadáns de Hong Kong (onde o xogo está prohibido) para entraren en Macau (onde o xogo é a actividade principal do país); b) percíbese unha certa xenofobia contra os occidentais (probabelmente é porque falamos algo que lles fai lembrar o portugués, que dalgunha forma desprezan ou supoñamos talvez que non aprecien para non sermos totalmente inxustos) e c) a saída do hotel (o check-out, en linguaxe internacional) non é por aquí ao mediodía, mais ás tres da tarde (o que dá idea duns costumes ben diferentes dos nosos).

Na fin, demos cun cuarto duplo no Hotel London por 128 dólares de Hong Kong (que é a moeda que temos nos petos, pois aínda

non tivemos tempo de trocar os dólares en patacas, a moeda local, e o diñeiro da China Popular que traemos aquí non vale sequera a curiosidade de coleccionista). O prezo pareceunos caro, afastado dos nosos mínimos presumíbeis. Así e todo, valeu máis o cansazo que as finanzas e decidimos ficar con aquel cuarto (cando menos o problema estaba temporariamente resolvido para dous de nós e poderíamos, para alén diso, deixar alí a carga que levabamos ás costas o que constituía un alívio evidente e facilitaba a procura de aloxamento dos outros tres).

Deixamos de lado a bagaxe e despois dun paseo sen rumbo fixo (só tiñamos un mapa minimalista, de guía de viaxes non especializado), fomos caer no «Estrela do Mar», un restaurante portugués. Despois de quince días de dieta oriental coidamos que non sería esaxerado darnos un galano. Almorzamos sopa de bacallau e cebola como entrada e cabrito guisado como prato principal. Bebemos dúas garrafas de «Casal Garcia» e, para rematar, uns «cimbalingos» ben cargados, que nos souberon a glória.

Ninguén cruza medio mundo para beber unha garrafa de viño portugués. Ou, se cadra, si.

Despois de comer conseguimos outro cuarto, este no Hotel Cantão, e así ficamos pola primeira vez desde o inicio da nosa viaxe divididos en dous grupos. Tiveramos sorte, dixo o recepcionista chinés. Por mor do temporal o jetfoil que viña de Hong Kong atrasárase de vez e aínda tiñan aloxamento dispoñíbel. Conviñemos un cuarto para tres, que aquí é moi frecuente sen que se nos ocorra unha explicación posíbel (probabelmente nisto pecamos por inocencia) e arraxamos cama para todos no mesmo Hotel Cantão, mais só a partir do día a seguir. Despedímonos para durmir unha sesta, que todos considerabamos necesaria.

O calor era insoportábel. Non é que non funcione o ar condicionado, é que non existe. Dúas ventoíñas verdes e tristes, con po acamado nas hélices desde hai xeracións, fan mover o ar nun plano superior. Os tabiques entre os cuartos non chegan ao teito, deténdose só a unha altura aproximada de dous metros e trinta, proporcionando unha sensación estraña de falta de intimidade (facilmente constatábel) e de seguranza escasa (só intuída, probabelmente un reflexo educacional).

Estamos nun país afastado e temos medo. Chamámoslle precaución, ou desconfianza, ou máis cinicamente o tal reflexo educacional, mais o que temos é medo. Medo que nos rouben o pouco diñeiro que temos, e mais cando non acadamos aínda o ecuador da nosa viaxe e non temos billete de regreso ata metade do mes de agosto.

Como os sínfanos non nos deixan sosegar,

prendemos unha mecha de Dragon Mosquito Destroyer, mais a propia estrutura aberta dos tabiques torna inútil este recurso. Caemos rendidos polo cansazo acumulado e acordamos aseteados como bastiáns vilmente inoculados. Sorte termos comezado o tratamento contra a malária unha semana antes de deixar o noso afastado país.

Acordamos co ruído, e comprendemos, de seguida, porque o prezo era tan baixo. Isto é unha mestura de bordel e casa de xogos, de lupanar da clase media e casa de empeño para os que todo perderan no casino. Un hotel ideal para soñadores. Para xente coma nós. Na idade. Na de facer agromar utopías. Na de soñar. Un hotel para xente coma nós.

Primeira evocación:

Antón sentado na cama do Hotel Cantão lembra con resignación o pasamento do seu amigo Fran, co que partillara o mesmo cuarto en que agora descansa ollando para as ventoiñas verdes que hai no teito, de po acamado nas hélices desde hai xeracións. Os sínfanos non fixeran aínda a súa aparición. Moi cedo. Chegarán co solpor. Entón será tempo de prender unha mecha de insecticida e esperar pacientemente que faga efecto. Tamén poderá utilizar o aparello que trouxo e que fai que os sínfanos non se aproximen nun radio de tres metros. Beleza instrumental da tecnoloxía aplicada, que lle dará tranquilidade e conforto.

Case vinte anos pasados, o cuarto mudou en detalles mínimos. Agora hai televisión por satélite e colchas máis modernas, do lavatório que existe fronte á porta pódese conseguir auga quente e fría e na mesiña auxiliar hai un teléfono de baquelita á disposición dos clientes.

A calor é insoportábel. É mellor fumar un cigarro de mestura e deixarse adormecer antes de saír á rua. É mellor durmir unha sesta ata ben entrada a tardiña. É mellor deixarse levar polo sono e esquecer as paixóns que aflixen o ánimo. Son escollas, rupturas da ansiedade primordial, inflexións no tránsito.

NOITE DE 26 A 27 DE XULLO. MACAU.

Ás seis da tarde xuntámonos na entrada do Hotel London e de alí comezamos un paseo en dirección ás ruínas de São Paulo, vestíxio do que fora o monumento máis importante da cristandade no Oriente (iso é o que di a guía de viaxes, radical nas súas afirmacións, só falta que acreditemos). Fronte ás escadas lemos nun cartaz que o edificio foi deseñado por un xesuíta italiano e construído en 1602 por refuxiados portugueses que fuxían da persecución a que foran sometidos en Nagasaki. Tamén di o anuncio que en 1853 a igrexa (da que só resta en pé a fachada

barroca) foi asolada por un incéndio como resultado dun tifón (non se explica a causalidade incéndio/tifón, que presentimos inventada). Os tifóns son aquí frecuentes entre os meses de abril a outubro. Noutras palabras, chegámos en plena estación dos tifóns. Na idade. Na de soñar. Na de facer agromar utopías e tifóns.

Despois, metidos xa no ambiente maxestoso das ruínas (impresionan no instante de subir as escadas, decepcionan unha vez ultrapasado o limiar) extasiámonos cun solpor invadido de tonalidades índigo e anil. Dificilmente conseguiremos expulsalo da memoria. Da individual e da colectiva. Un solpor que ficará para sempre como un instante de calma infinita, como unha celebración dos sentidos, como eixe das vidas que se irán definindo e afastando. Na idade das utopías sentidas como realidade única. Se cadra nun día calquera, pasado o tempo, algún de nós expresará unha sorpresa infinita comparando este solpor con outro solpor contemplado noutro canto do mundo. Un solpor igual a aquel que un día vimos en Macau.

A maxia durou o que lle levou ao sol deitarse. Parou o mundo por un instante nas escadas das ruínas de São Paulo, marabilla do Oriente. Xa distintos. Na idade onde se ollan os máis preciosos solpores. Onde se descobre a calma e os tifóns.

Pasado o instante máxico camiñamos por entre mercados debilmente iluminados. Vendían caracóis e cunchas de choco para relar nos mollos. Traficaban saltóns para alimento de paxaros domésticos, cabalos mariños e raíces de mandrágora e de ginseng, follas de ginko atadas en brazadas de infusións e caixas de teca para gardar contas e colares. Entramos nunha ruela estreita, de fachadas comestas polo mofo e a humidade, de pozas de auga enegrecidas, de traseiras cheias de imundícies, de vestíxios, de restos de couve apodrecida. Soñamos, aí, co último asedio dos piratas malaiois, en 1910 precisa o guía de bolso, coa derradeira razzia sanguinaria, co afastamento entre Macau e nós, fillos da distancia. Na idade onde se soña aínda coa vida de pirata. Na idade onde un senta nas escadas cos brazos pasados por detrás das pernas observando un solpor magnífico. Na idade en que ninguén nos garante a realidade das quimeras das que nos alimentamos. Na idade dos soños por cumprir.

Na rúa apenas se ven portugueses. Iso fai pensar. Nas últimas eleccións para o Leal Senado de Macau só votaran mil persoas, das trescentas mil que habitan oficialmente a colónia. Tres por mil. É difícil falar de democracia, mesmo no seu nivel máis elemental, o do voto secuencial e o estado nai protectora. Simple saber quen manda realmente. Obvio que todo é unha fachada,

que nada é real, que os letreiros na lingua de Guanzhou e no portugués máis lisboeta non son senón miraxe e fantasía. Portugal é pobre e a China un país poderoso cunha economía emerxente. Asistimos á fin dunha presenza colonial, dun soño de tresloucados navegantes, á utopia oceánica dun rei melancólico. Viaxantes chegados de Sapan. Coleccionadores de solpores e tifóns.

Xantamos nunha casa de pasto chinesa. Chamanlle así: Casa de Pasto Hoi Lin. Lulas recheadas en mollo picante e garoupa con cogumelos hidratados. Unha festa. Na Casa de Pasto Hoi Lin. Tresloucados navegantes de soños. Viaxantes vindos de Sapan. Na idade das utopías. Na idade das descubertas.

Segunda evocación:

Os brazos pasados á fronte dos xeonllos, sentado naquelas escadas diante das ruínas de São Paulo, en Macau, Antón sentiu unha sensación estraña. Como dun instante xa vivido. Como de fluidez temporal. Como de medo ao baleiro. Como de ameoba flutuante.

Esfrega os ollos cansados con indisimulada aversión. Tentando descer á realidade. Coidando que desa forma simple e primitiva poderá expulsar a sensación que o afoga no interior, que lle percorre o espiñazo todo, que é corrente de fluxo inestábel, de tristeza imerecida.

Como podemos avaliar algo, por grande ou pequeno que sexa, ata que desapareza das nosas vidas? Como, por exemplo, medir a tranquilidade de espírito e a forza de ánimo ata que nos abandonen por completo? Non hai medias tintas. Están ou non están. Son ou deixaran de ser en nós, nunha margarida existencial onde a escolla significa (sempre?) renuncia crucial e camiños abortados. Para sempre. Cada escolla unha encrucillada sen sinais de aviso. Cada camiño emprendido unha aventura por desvendar. Cada renuncia unha condenación á ignorancia do rexeitado. Para sempre.

Alí, na súa fronte, as mesmas nubes anil e violeta, o mesmo sol a deitarse por detrás das illotas calcárias que invaden a baía de Macau. Alí as mesmas luces de lanternas chinesas, de tons vermellos e deseños de dragóns quiméricos, que anuncian o camiño dos bares, dos boliches infames onde serven cervexa arrefriada en bañeiras de cinc con barras de xelo, das baiucas de chan térreo onde a fauna anfibia de xogadores empeñan vidas e posíbeis na obsesiva procura dun acaso imposible. Alí tamén os fantasmas daquel verán de finais dos oitenta, verdes aínda de experiencias e sen un ideario preciso. Íanse precisando devagar as imaxes idealizadas dos amigos que con el comezaran a viaxe, dos que esperaran o seu regreso na outra extrema do mundo, daqueles que para sempre ficaran deitados nas gabias da vida, pendurados en ideas destrutivas ou

arfando con dificultade inconfesábel entre soños reiterados e obsesivos.

Antón esfrega os ollos, incrédulo do que cré ver e non ver, envurullado nunha néboa laranxa que todo invade, que materializa fantasmas que se van facendo máis e máis reais, mentres a febre regresa do fondo dun abismo e bate agora con forza na caluga e nas témporas.

HOTEL CANTÃO. MACAU. TARDE.

É fácil entender a calor sufocante que Bogart e Bacall sentían en Kay Largo, confinados naquel hotel de segunda; suando os sete suores mentres ficaban á espera dun ciclón. Se cadra reinvento o filme, do que só me restan trazos que xa logo se perden nos labirintos da memoria.

Mentres a ventoiña transmitía a ficción dun conforto imperceptíbel, lembramos en unísono o paseo do Hotel Lisboa, a visión da baixamar e os peixes saltadores da lama movéndose a impulsos, escorregando a intervalos, esquiando coa axuda de barbatanas flutuantes, soñando ser anfíbios e defendendo o seu territorio inventado.

Combinamos en vernos na leitaría, a metade do camiño entre os nosos hotéis. Merendamos batidos de chocolate e sandes de queixo con leite coagulado. Escrevemos unha serie de postais para os que esperan por nós no país de orixe (celebradas manobras para establecer unha comunicación fitícia).

Terceira evocación:

Pasado o edificio onde se encontra a improbable asociación de individuos con apelido Leong – unha secta? unha asociación mafiosa? unha anedota de difícil tradución? – Antón sentase na esplanada dun café, lembranza raquítica do antigo estilo colonial portugués. Un rapaz chinés, de andares requintados e avental á moda dos camareiros parisienses (de tal modo chocante que semella inverosímil) aproximase a recoller o mandado.

- Un «cimbalino» e un pastel de nata- di Antón mentres follea o China Today, que recollera camiño da mesa que agora ocupa.

O rapaz nin se mexeu perante o pedido de Antón e, con prontitude e automatismo ensaiados, estendeulle a carta co logotipo dunha coñecida multinacional das cafetarias estándar, onde servían cafés de variedades exóticas estándar e tortas de queixo con framboesa estándar, chás de todas as variedades froiteiras estándar coñecidas e tortas de chocolate estándar para rebentar o fígado. Non había «cimbalinos» nin pastéis de nata, e tivo de se conformar co mesmo pedido que faría en Chicago ou en París, en Sidney ou en Cape Town.

- A regular coffee and a carrot muffin -dixo Antón nun inglés internacional de mínimos, lingua franca nun mundo simplificado.

Ao camareiro parécelle unha petición moi axuizada e sorrí abertamente mentres recita un: *very good choice, sir* co mesmo servilismo imoderado que utiliza con todos os clientes, pidan estes café normal ou café da Papua Nova Guiné, Blue Mountain da Xamaica ou Costa Rica Delight.

Mentres espera o que lle servirán como sucedáneo do seu desexo inicial, repara no lameiro que a maré baixa descubrira no abalar das ondas. Logo acoden á memoria centos de peixes saltadores da lama, patinadores acuáticos, angustiados anfibios comedores de vermes e de limo. Abriu o diario de peto e leu devagar: «Tresloucados navegantes de sonhos. Viaxantes chegados de Sapan. Na idade das utopías. Na idade das descubertas».

Agora hai menos peixes. Moitos menos. Escorregan asustados, mentres Antón le no diario. Parécelle imposible ter escrito sobre os peixes saltadores, telos contado por sectores e feito a extrapolación do seu número, ter discutido cos seus compañeiros se respiraban por guerlas ou a través da pel, ter soñado con eles tantas veces.

Na primeira páxina do China Today, os tres terroríficos tenores na base das Laxes bramando o seu acordo en levar adiante a Segunda Guerra do Golfo. Que medo!

28 DE XULLO. TRES HORAS EN COLOANE.

Eran preto das dúas da tarde cando chegamos a Coloane e no mesmo instante de saír do autocarro deu en chover sen descanso. A auga envolveunos con forza e non había lugar para refuxio. Aí asaltounos unha vaga de estoicismo e retiramos das mochilas os impermeábeis de emerxencia. Ficamos así, acorados e húmidos, vendo descer as enxurradas polas venelas da aldea pescadora. De cando en vez, aboiaban nos regos recén formados plásticos e obxectos levados pola corrente. Non sei o que nos aconteceu mais ficamos inmóveis nun silencio introspectivo, como se o esforzo de falar fose o máis inútil naquelas circunstancias.

Erguemos o ollar e contemplamos o espectáculo de ducias de cadoiros de auga enlameada que percorrían as montañas do leste, nutrindo as florestas da China. Cando na fin parou de chover aproximámonos da costa. Algúns nenos enredaban na lama cos peixes saltadores. Na distancia alguén cantaba ao ritmo dunha música de corda única. Do mar, xurdindo da brétema, chegaban pequenas embarcacións cargadas de armadillas e de pesca. Nun embarcadoiro

próximo unha muller accionaba un medio-mundo pendurado nunha cana de bambú. Coa auga ata os xeonllos un home arrastaba pola costa unha especie de xábega cargada de camaróns. Encollemos máis outra vez nun silencio contemplativo.

Dúas bolboretas con reflexos azuis nas ás escamadas cruzaranse diante de nós en aparente voo nupcial ou en excursión na procura de néctar. Pousaron no embarcadoiro, enriba dunhas algas vermellas. Abrindo e fechando as ás, desenvolveron as súas linguas espiraloideas paseándoas sob a superficie mollada, como se o sal lles fose necesario. Fícaran alí un bo rato, mentres sacudiamos a auga dos impermeábeis e non disimulabamos o espanto. Na idade do espanto. Na idade bolboreta. Na idade de contemplar o mundo na procura do seu centro. Na procura dun lugar onde se sentir ben.

Na aldea chamou a nosa atención a proliferación de secadores de peixe (pensamos que serían un tipo de bagres ou budiños, mais sen moita certeza) e tamén de lulas, que aquí espetan nuns pauciños para mellor as estender. Visitamos un cemitério chinés e unha pequena capela dedicada a São Francisco Xabier, que sei que por aquí andou camiño da súa aventura xaponesa. Comemos algo nunha casa de pasto onde servían uns tallaríns horríbeis (a peor comida en moito tempo) e fomos felices na contemplación da diferenza.

Outra vez ameazaba chuvia e decidimos regresar á cidade no mesmo autobús da Companhia de Autocarros Fok Lei, que aquí nos trouxera, e que agora procedía da aldea de Mác-Sá. Por pataca e meia levarnos ía desta aldea de Coloane ata a Avenida do Almirante Ribeiro (gostaría de saber quen foi semellante personaxe), pasando por Taipa (outra illa unida ao continente por unha ponte) e pola Rúa da Barra, na marxinal.

Cuarta evocación:

Antón sobe para o andar superior do autocarro que o vai conducir a Coloane. Chove con intensidade crecente, con cadencia de treboada. No outro lado da baía (agora é todo China, agora non hai diferenzas nin fronteiras) os torrentes deseñan un trazado dendrítico nas ladeiras das montañas calcárias.

Pasada a ponte que une a terra firme coa illa da Taipa hai un aeroporto que antes non había. Mesmo ao lado do hipódromo, lugar ideal, penso, para perder as últimas notas que se teñen.

O autocarro (a carriña) deixa atrás a Taipa e chega á illa de Coloane. Parou de chover. Na distancia un pescador amaña os aparellos para saír pescar sargos e maragotas, agullas, alcriques e xurelos. Antón aproximase da beiramar e asomando ao embarcadoiro

observa a danza elegante das medusas. Os ollos énchense de bágoas ao lembrar o tempo pasado e os amigos ausentes. Para sempre ausentes. Para sempre amigos. Ausentes.

28 DE XULLO. NOITE. A AVENIDA DAS CASAS DE PEÑORES.

Mañá deixaremos Macau. Está decidido. Será pola chuvia pertinaz ou polas dificultades de aloxamento, mais a cidade recibeunos sen afeito e sen afeito nos tratou ata agora.

Sentimos a falta da urbe de Hong Kong, e desta vez non deixaremos pasar o tempo sen visitar a badía de Aberdeen, onde están ancorados centenas de sampans. Entran e saen sen que se saiba moi ben para onde van e de onde veñen. Desta vez faremos algunhas compras e procuraremos xogar mellor ao billar, para non ser albo dos risos escancarados dos rapaces chineses.

Na rua Shan Huang detémonos diante duns perolos enormes de peixe fumegante onde uns coziñeiros de gorduras transbordantes serven en mesas e bancadas sopas e guisados. Temos fame e aceptamos sen máis preguntas a suxestión do empregado: unha sopa de peixe na que se destaca o sabor invasor do mollo de ostras. Estamos cansados uns dos outros. Sabémolo e non hai lugar para o disimulo. Son cousas que acontecen nas convivencias invasoras. Por iso, sen moita conversa fútil, establecemos un punto de encontro, na porta do casino do Hotel Lisboa. Cada quen ficará por unhas horas libre, para perder o medo e as precaucións excesivas (verbo obsesivas), para sentir o engado da aventura, para se mergullar en leas sen sentido ou saír ben parado polos seus propios medios, para gozar dun período de autonomía plena. En dúas horas na porta do casino do Hotel Lisboa. Acordado.

Pensándoo ben, non sei porque propuxen este tipo de excursión solitaria. Se cadra por necesidade íntima, despois dunha ducia de días a viaxar en grupo. Se cadra unha invasión romántica de mitoloxías inventadas. Se cadra por outras necesidades, reais ou ficticias, mais propias. Desde que chegamos a Macau sinto un desasosego especial, como se os outros estivesen a mais, como se fosen un freo para o desenvolvemento da miña liberdade persoal. Sei que non son o único. De inicio intuín, despois notéino nalgúns xestos e na tendencia a discutir polos detalles máis insignificantes. A cidade abáfame e penso que non son o único ao que tal cousa lle acontece. Chove de contínuo, reiterada e violentamente. Chove sen que dé oportunidade ao paseo demorado ou a descuberta secuencial de lugares-postal. Ten que habelos, con certeza, mais a chuvia pertinaz mantennos nunha angustia permanente. Apenas facemos fotos. Compramos postais e non temos nada que dicir. Nótase que hai algo que non vai ben. Pasamos moito tempo no hotel sen facer nada

de especial. Para atrás fican días felices en Guanzhou e mais en Hong Kong, cidades para moitas lembranzas de imaxes marabillosas, harmonía nas descubertas en grupo, aventuras vividas con solidariedade e calma, obxectos comprados – ábacos, tinta, selos e pincéis – que nos acompañarán sempre. Agora non. Hai unha afásia invasora, un silencio que todo revela, unha nube triste que nos envurulla a todos.

Devagar, cada un polo seu itinerario, fomos chegando á porta do Hotel Lisboa. A ningún de nós acontecera nada realmente excepcional. Non fomos roubados, nin asaltados, nin tan sequera intimidados polos locais. Os medos típicos dos viaxantes pouco avisados non se cumpriran. Non houbo nada que fixese acordar a nosa ansia pola aventura, nin un só ollar que se aloxase nos nosos corazóns sensíbeis.

Talvez pensásemos en unísono, habituados como estabamos á presenza dos outros. Sen saber moi ben quen foi o primeiro a lanzar a idea, acordamos deixar a cidade no día a seguir. Por unanimidade. Sen fisuras. Se cadra o silencio uníanos máis cás palabras.

Quinta evocación:

Chove con violencia de trópico, coa cadencia da música metálica, co martelar de meteoro desatado, coa raiba da natureza revoltada. Refuxiado debaixo dun tellado de chapa ondulada, Antón desfolia a margarida existencial dos seus amores perdidos. Ao abrigo da soleira da «Casa de Penhores Chung Huo Lock», remexe nos petos nunha procura pouco específica. Descubre nun seu diario unha frase retida de Pascal Quignard: «O pasado é un corpo imenso en que o presente é o ollo; ese corpo soña». Non sabe moi ben porque escolleu esa frase. Son momentos. Asociacións de ideas. Asíntotas no infinito da saudade. Podería ter escollido calquera outra. Podería non ter procurado ningunha, ou non encontrar o diario, ou non lle apetecer ler, nin remexer nos petos. Son eses acasos que nos devolven o gosto pola evocación, pola relación, polas lembranzas. Remoe a frase, que repete en voz alta, nun francés cheo de modismos, de voltas angulares, de fracturas de son: *Le passé est un immense corps dont le présent est l'oeil. Ce corps réve*. De súbito vése a si mesmo rebuscando un discurso en francés mesturado con algunha expresión en italiano, que ven de estrear como lingua de uso común. Na idade do desasosego.

Moitos foran os sufrimentos, propios e estraños, que o levaran a visitar Macau pola segunda vez, despois daquela excursión afastada xa no tempo en que tamén estaban Fran e Ramón, agora mortos. Pola segunda e, se cadra, derradeira vez. Si, derradeira: de definitiva, de nunca máis, de xamais, de *jamais*, de *nevermore*.

Unha especie de amnésia apodérase de si.

Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum.

É unha amnésia meditada, preconceptual, atípica. Unha amnésia a mantenta, deliberada, construída por sobreposición de imaxes e lembranzas do son, por palabras inventadas e outras que resoan como se fosen pronunciadas no presente. Procura conscientemente a confusión de imaxes, de soños, de sensacións chegadas do interior e recollidas dos contornos do que o rodea. Na idade do desasosego. No punto de inflexión vital. No tránsito.

Parou de chover coa mesma violencia instantánea coa que se iniciara a treboada. Sen gradación. Chover. Non chover. Chover. Deixar de chover. Antón abandona o seu refuxio temporario e inicia a camiñada por entre a multitude que surxiu de todas partes, que estaba agochada e que agroma agora como rebentos multiformes despois dunha xeira húmida. Homes e triciclos, mulleres e carrozas, autocarros e meninos vestindo uniforme escolar, gardas de seguranza e adolescentes ostentando roupas e logotipos importados. No tránsito. Todos no tránsito.

Antón dirixe os seus pasos para o Hotel Lisboa, un dos símbolos da cidade. Dá en chover e procura abrigo nun salón de chá. Regresa ao diario de peto descubriendo agora unha frase de Ballard. Non a entende. Fala de caleidoscópios de imaxes e espazos visuais. Definitivamente non sabe por que a anotou se non a entende. Se cadra para preguntarlle a un amigo deses que pensas que todo saben ata que lles preguntas e aí comezan as dúbidas. Pediu un chá verde, variedade «gunpowder», onde as follas están enroladas en forma de boliñas ou graos. Laboriosamente, na súa escrita estrañamente infantil, comeza a escribir cartas como unha rede tecida para agarrar o pasado. Para reconstruílo. Para pensar, no tempo en que escribe, todos os seus amores. Para lles pedir perdón. Polas múltiples fugas. Polos danos que puidera ter ocasionado. Polo abandono. Por todo o que non era senón medo. Na idade do desasosego. No tránsito. Catástrofe no infinito da saudade.

29 DE XULLO. MACAU. DESPEDIDA DUNHA CIDADE INHÓSPITA E ESCURA.

É difícil saber o que nos trouxo a este pudrideiro, a esta cidade húmida e salgada, a este lugar inhospito e triste, escuro sumidoiro de soños. Esta tarde colleremos o hidrofoil na dirección de Hong Kong, en tránsito para Bangkok. Onte, á noite, andamos arriba e abaixo pola avenida das casas de peñores, na dirección do casino, centro neurálxico da cidade. Up and down, nun camiñar desordenado en pasatempo, cruzándonos con xogadores arruinados e tristes, que só peden esmola non para comer mais para xogar, que non rogan por moedas a non ser aquelas que sexan da sorte, as que han facer virar o curso da súa historia chea de altos e baixos. As moedas da fortuna. O pasaporte para un mundo que non lles chega, para unha sorte que, se cadra un día, aparecerá nun chiscar de ollos.

Vamos despedirnos sen ollar para atrás, sen ollar para o pasado, sen sentir sequera a tentación da lembranza. Despedir ímonos sen anxeios de regreso. É unha sensación partillada cos meus amigos, que só manifestan intranquilidade e desasosego polo tempo perdido en Macau. Mesmo así, apesar do balance negativo, penso que algúns momentos magníficos irán agocharse na memoria para acordar despois nos momentos máis inesperados, cando sen saber moi ben por qué emprendamos os intrincados sucros da nostalxia. Os solpores, os peixes saltadores da lama, a chuvia pertinaz, a aldea de pescadores de Coloane.

Para despedirmonos imos a unha casa de fitas, a comer tallaríns con mollo de caranguexo e atún fermentado.

Levou tempo o darnos de conta que é o momento de separar as nosas vidas, que é mellor que cadaquén continúe o seu camiño. As viaxes serven tamén para iso, para nos facer reflectir nos comportamentos propios e alleos, para nos situar no mundo. Para establecer fronteiras e rituais.

Xa logo partiremos para Hong Kong e de alí a dous días para Bangkok. Será mellor que cada quen escollo o seu camiño. Hai entre nós os que preferirán as praias de Pattaya ou a visita aos templos de Phisanoulok, outros, de certo, o camiño do norte para se aproximaren ao triángulo de ouro, na provincia de Chiang Mai, e outros aínda ficarán en Bangkok, na procura de experiencias que o noso pequeno país lles nega. Opcións. Escollas. Camiños que se bifurcam. Tránsitos. Encrucilladas. A esencia da vida.

Recollemos as nosas cousas no Hotel Cantão. Son as seis da tarde. Ollamos para as torrenteiras do lado da China continental. Ollamos para a baixamar baixo a ponte que liga Taipa a Coloane. Ollámonos. No hidrofoil. En silencio. Camiño de Hong Kong. Atrás vai ficando a cidade triste e escura, húmida e salgada. Atrás van ficando sensacións desagradábeis e chuvias sen sosego. Atrás vai ficando algo de nós, caídos nesta cidade trampa, que hanos separar, se cadra para sempre.

Sexta evocación:

Antón entra nun cybercafé, dos que hai pouco agromaran en Macau. Despois de varios días xa se habituou á máquina para mudar o alfabeto e de configuración do teclado. Escolle o tipo «qwerty», que é o mesmo que ten instalado na casa. Viaxa sen o computador portátil para ir leve, de bagaxe e de tentacións para os que quixeran violar a súa intimidade. Anota no seu weblog particular os acontecementos do día, envía mensaxes electrónicas aos seus amigos espallados nos catro cantos do mundo, de Chicago a Bruxelas, de Londres a París, de Brighton a Barcelona. Vai ficar mais uns días en Macau, informa aos seus correspondentes. Descubriu que a modernidade lle senta ben á ex-colonia portuguesa, que a xente é amábel e faladora, que quere ver con ollos de adulto o que outrora non puidera ver cos seus ollos de rapaz novo e desleixado.

Por entre as nubes ábrese camiño un sol radiante. Antón comeza a pasear como os vagabundos, dos embarcadoiros ata ás ruínas de São Paulo, do bairro Teixeira Barbosa á Avenida do Almirante Ribeiro, da rúa da Barra ata ao Casino flutuante, aínda vivo, atracado no embarcadoiro catorce, tantos anos pasados.

Acumúlanse as imaxes por detrás dos seus ollos en colaxe de pasado e presente, en enxurrada de memoracións e de lembranzas. Hai tempo saíu de Macau con intención de non regresar e agora está aquí, camiñando aonde os pés o leven, deixándose agarrar polo engado da cidade, soñando que a vida –a súa e a dos outros– pode ser diferente e menos triste, facendo propósito de emenda e acto de perfecta contricción, analizando feitos e intencións, sufrindo ausencias e planificando solpores que aínda están por vir.

Aí, cansado da camiñada, séntase nas escadas das ruínas de São Paulo, rodeado de turistas impacientes cando o sol comeza a se ocultar por detrás das montañas do outro lado da baía. Sente un non sei qué de desacougo e tristeza, de tempo perdido e desasosego. Dura uns segundos ata que acoden as imaxes dun pasado recente, de felicidade e desatino, que o reconcilian coa vida e coa esperanza. Na distancia alguén canta, como sempre que somos felices e diferentes. No tránsito. No punto de inflexión vital. Na asíntota, no infinito da saudade.

Silvia García (Cangas do Morrazo, 1973) desenvolve un traballo que abrangue os máis diversos soportes e expresións, dentro dunha proposta onde a memoria, e a esculca das raíces sociais e persoais, tracexan liñas características. Cun método que aproveita e succiona os materiais do seu contorno inmediato, Silvia García constrúe instalacións, performances ou campos fotográficos que redistribúen a vida cotiá en intensas metáfora. O seu fillo Martiño, os billetes de entrada aos museos, as roupas infantís, a súa propia biografía e ela mesma, na soidade dun autointerrogatorio, permítenlle albiscar ao espectador unha creadora expansiva e comprometida, capaz de extraer

Silvia García

A vida entre dous patios de mazá

apaixonados retratos do pan diario que nos alimenta. O monográfico que hoxe presentamos en 'Revista das Letras' recolle tres dos seus traballos, unha performace, unha instalación e unha serie de fotografías realizadas en Roma. O resultado, por riba dos dispares procedementos, amosa a coherencia da súa investigación e a forza dunha obra que se agranda a medida que profunda nas vísceras. "Hai un espazo doméstico no que almacenamos recordos inútiles", escribe Silvia García e, ao tempo, ese propio espazo convértese nas súas mans, en elemento recursivo, en lanzadeira útil, en mensaxe de esperanza.





Performance no festivALT'06 de Vigo co título "Aprendemos do ar e das pedras". Realizada por Silvia García e Martiño Lorenzo o 15 de marzo do 2006 no escaparate da tenda Lienzo, Urzaiz nº38.



Hai un xeito de enlearse coa memoria dos edificios, coa memoria dos arquivos persoais e as narrativas, co pasado que cada un construímos para que a nosa vida concorde cunha historia. Noutro lado das ventás alguén grita un poema de hai mil anos, unha cunca desdentada e roupa de bebé, con manchas, roupa que da grima.

¿Como lle explicas a un neno as

cousas que se fan nun traballo, que é unha performance ou por que nos gusta o papel dos libros?

A performance pode ser un intercambio de confianza e de alimento.

Sentados fronte a fronte unha nai e un fillo preparan o alimento, pan con mel e queixo, como se so precisáramos falar do esencial, como se non existise a comida empaquetada.


Cada un prepara o alimento no seu colo, partindo o pan, poñendo queixo, botando o mel. Cando remata esta sinxela operación partimos o pan e dámoslle a persoa que temos enfronte, coas dúbidas, co traspés, coa posibilidade de que algo nos caia ó chan, ou acabemos enzoufados.

O título da performance: "aprendemos do ar e das pedras" alude ó proceso de aprendizaxe, á fragilidade dun proceso que



rcl | 4
Galicia Hoxe 21/09/06





Nesta páxina, instalación
"¿Quen me protexe da
túa memoria?"
na mostra colectiva
AP9-A3 na galería Maus
Habitos do Oporto,
comisariada por Cecilia
Pereira. Na páxina
seguinte, imaxes de
"Arquivos e cidades"
(Roma 2006), realizada
durante a estada de
investigación na:
Escuela Española de
Historia y Arqueología en
Roma do CSIC.



se basea na xenerosidade e na confianza, pero tamén na oportunidade de dubidar ou equivocarse. O exceso de protección fai que sexa difícil axudar nos descubrimentos, no cotián, ¿como aprender polo tanto do ar e das pedras?

O que ocorre nesta performance é algo moi sinxelo, pero tamén fráxil, porque as dúbidas están expostas, e o proceso está á vista, e non pertence á memoria senón ó presente.

Arquivos e cidades, Roma 2006
Residencia da Escuela Española de Historia y Arqueología en Roma do CSIC



Nunha cidade, apenas un mes case como unha turista, (unha turista cunha estadía de investigación) nun caloroso labor de aprendizaxe, porque as cidades non son fáciles de apreixar. Do meu paso por esas cidades, apenas queda un conxunto de recibos, de tickets, de 'scontrinos', uns números e letras que irán desaparecendo coa luz do sol.

Un edificio coma arquivo, coma biblioteca, onde quedo soa cando chega a noite.



Cun monólogo interior, e o interlocutor escribindo lonxe, mentras intento ler os títulos deste arquivo, rebuscando nos fíos dos que estiveron antes, estudando, silenciosos. E fóra na cidade celebran as vitorias do fútbol, na Piazza Venezia, no Circo Máximo, escóitoos moi cerca, unha noite soa no Campidoglio, intentando comprender as escadas da igrexa, as de Miguel Anxo, as do Vittoriano.

Silvia García

The image displays a variety of Italian documents, likely from the mid-2000s, arranged on a dark, textured surface. The documents include:

- Boarding Passes:** Several "eas Boarding Pass" cards for flights, including one for "GARCIA GONZALEZ/SILVIA MRS" and others for "HETRABUS ROMA".
- Library Card:** A card from "Libreria Feltrinelli Libri e Musica" for "LIBRERIA FELTRINELLI SRL" with contact information for GALL. ALBERTO and GALL. ALBERTO.
- Receipts and Tickets:** Various receipts, including one for "HETRABUS ROMA" dated 17 LUG. 2006, and others for "HETRABUS ROMA" and "HETRABUS ROMA".
- Other Documents:** A document with a large "185" handwritten number, a document with a large "10/20" handwritten number, and a document with a large "10/20" handwritten number.

The documents are scattered across the frame, with some overlapping and others standing alone. The overall scene suggests a collection of personal or professional records.

Xa non, xa non pon medo

anegar o verso do meu carbono,

riscar sobre as horas cun feixe de luz

–poderosa harmonía que se detén–

e di: agárdame

O sol que se ergueu sobre a mañá non dá calor

haberá que debuxar o camiño

escribir

porque agora xa nada do que fago terá sentido

agora xa non importa

...

Lidia Teixeira

Lidia Teixeira

Esa brancura

A Anahí, a Sheila, dignidade e orgullo de tódalas
miñas palabras

Queres a luz, esa luz
sobre o escenario unha identidade de Medeias, Gorgonas,
tal vez ichó.

podo convidarte a que te aferres á palabra e a comprendas
fagas dela un deserto d e a r e a
a lentitude do tempo

(Imaxina a súa voz
o seu silencio renomeado
a cara da súa nai cando tiña cinco anos)

Queres a luz, esa brancura
compártoa, pois, contigo,
faime crer que virás,
—coma se nunca fose este momento—
que ela achará o lugar seguro
que andaremos por aquí
que ao remate deste e-mail tomarala toda entre as mans e
entenderás o seu poder.

'Revista das Letras'
descubriu a Lidia Teixeira
(Paradela, 1986) nunha
escolma de poetas novos
publicada o ano pasado, onde
a súa voz portentosa esculpía
os ritmos da alma para crear
unha paixón profundamente
carnal. A ela encargámoslle
agora este monográfico, o
primeiro poemario dunha
escritora que indaga, golpea
e acariña o verso nunha
pulsión que sobarda a
intensidade lingüística e abre
a poesía a latitudes ás que
moi poucos poetas lograron
chegar. 'Esa brancura' é a
súa proposta, o seu bautizo
e, desde logo, tamén a súa
brillante confirmación.

[...]E preguntas pola terra tamén, ese lugar que non se pode entrever

cando baixas as escaleiras e somos tres (nunca fomos tan poucos nin tan

ausentes) unha enteira multitude ao coidado da miña traxedia que se araña

sobre o día

–Non sei o que é a terra,–respondo– dubido que o descifre xamais,

pero mentres e non, sigo sobre un inmenso pedestal, silícico, recitando

unha e outra vez o tempo por ver se dá a volta e todos desaparecen

crendo que aquela eternidade tornará do abandono

Avisábame ben

“Que non che escriban,

Nós sabemos das herbas que medran nos

rituais

da palabra escura

poderías explicalo todo e amar sen até os principios”

...perderme nesta lingua sen poder fuxir

Deixa as metáforas para os poetas,

ti e mais eu queremos compartir outro desexo.

Deixa as palabras desposuídas, os textos,

deixa os altares

–non queiras poñerlles flores–

Mírame como me volvo trigo, pedra, lume ou cidade,

tecla de computador ou ensaio–

prescindo dos xoguetes e da roupa, regálome

cumprida de desexos.

Deixa as cadeiras.

Por favor, deixa as cadeiras.

Vén ao meu lado.

Ser folla en branco é máis fermoso que ser poeta.

Cando aprenderei.

Somos dúas e sempre quedamos na marxe

das miradas e con ganas de mirar.

Querer queremos abrazarnos, sorrir

ao contacto coa pel, sentarnos a conversar

coma dúas vellas amigas despois do café e **que tal che foi.**

Dicirnos, ola, ti como andas, mira que noitiña tan fermosa.

Non sei por que temos que aferrarnos ás portas,

porque nos pronunciar en silencio se temos

tantas ganas de compartirnos, eternizarnos, de volver e a cada cruce só

para

repetirnos e acariñarvos. Vemos a porta

e ficamos á espera

eu xa non espero máis, eu vou e se

me equivoquei, se nunca me miraches

ou tiveches curiosidade,

non pasa nada;

cruzo a porta e son paxaro: podes verme as ás porque eu invito.

Dentro;

quero estar dentro

Acariño o silencio coma se fora un límite perfecto

busco a palabra para entrar xunto a ti

O comezo era unha serpe adurmiñada

e só tivemos que deixala saír

Agora está en nós

o veneno a facer efecto

a pel,

obrigándoos a transitar

paisaxes inexploradas

Que só eran palabras que me quedaron por dicir e foron suficientes
e non sei se ten xa moito sentido que chas presente
estar aquí
no cristal
imaxinar como sería pronunciar e pronunciarte
pintar na parede o teu nome e esperar a que me amases.

Porque ti sabes no fondo que sigo tendo o poder de invitar ao chamán e
celebrar a cerimonia cos teus cabelos
o poder do non
e quero pensar só que non o soubeches e que eras libre
que por iso te ameí sen ter motivos
que só eran palabras que me quedaron por dicir e no entanto, rede soño e
distancia,

escribo